

INFORMACIÓN DA COMISIÓN CENTRAL DE SEGUIMENTO DO PACTO DE CONTRATACIÓNS DO 2 DE DECEMBRO DE 2016

□ Información xeral do Pacto:

- Celador/a, cociñeiro/a, Grupo Auxiliar da Función administrativa, Lavandeiro/a, Pasador/a de ferro e pinche:
 - Publicación das listas provisionais de baremación: finais de decembro
 - Publicación das listas definitivas de baremación: febreiro

- Todas as categorías de Técnicos/as sanitarios/as:
 - Publicación das listas provisionais de baremación: xaneiro
 - Publicación das listas definitivas de baremación: marzo

Desde a **CIG-Saúde** solicitamos que as actualizacións, sempre que sexa posible, se adianten á data máxima de publicación das listas definitivas.

□ Ponderación da nota da OPE 2006:

Desde **CIG-Saúde** solicitamos a publicación da fórmula correctora para equiparar a nota 2006 (base de 100 puntos) á nota 2009 (base de 60 puntos). Solicitamos que se exclúa o galego da fórmula ponderando só o exercicio común e específico.

□ Proposta de dotación de titulares e suplentes da lista de curta duración:

Desde **CIG-Saúde** denunciemos que se está a utilizar o pool para o que non está establecido. Solicitamos a revisión das instrucións que regulan as listas de pool.

▣ **Áreas especiais: Desenvolvemento do apartado II.7 do Pacto**

Programas formativos e bases.

Entrégannos copias dos programas formativos das áreas especiais.

Ábrese prazo ata o 23 de decembro para remitir as nosas alegacións, e posteriormente convocarán unha nova reunión.

Confírmannos que o persoal contratado (incluso o interino) pode realizar formación práctica específica para o acceso ás áreas especiais.

▣ **Rogos e preguntas**

CIG-Saúde solicitamos a posta en marcha do grupo de traballo, acordado na sinatura do novo pacto, para a análise e proposta de mellora da xestión de chamamentos e vinculacións temporais.

Solicitamos a apertura das listas do pacto 2004 que están pendentes de actualizar: varias categorías de mantemento, Telefonista, Perruqueiro/a...

Solicitamos que se nos informe dos procedementos de selección de persoal de xestión e servizos dos grupos A1 e A2, e informático nos que se realizan probas ás que non temos acceso e non coñecemos nin a quen convocan nin os resultados.